

# BOLETÍN

## XIII CAMPIONATO PROVINCIAL ESCOLAR DE ORIENTACIÓN PEDESTRE A RÚA 2024

### 1. ORGANIZACIÓN

Servizo Provincial de Deportes (Secretaría Xeral para o Deporte) da Xunta de Galicia, a Federación Galega de Orientación, Concello de A Rúa de Valdeorras, A.D. Limiactiva e Club Peña Trevinca Barco.

### 2. DATA, LUGAR E HORARIO

Mércores 6 de marzo de 2024. Área Recreativa de O Aguillón, A Rúa de Valdeorras.

A zona de aparcamento dos autocares, a secretaría e a entrega de premios estará ubicada no pavillón municipal O Aguillón, e o programa será o seguinte:

- 10:00h Apertura da secretaría (entrega de dorsais e pinzas electrónicas).
- 10:30h Breve explicación da carreira.
- 11:00h Saída do primeiro participante.
- 13:30h Peche de meta (tódalas persoas participantes deberán estar en meta).
- 13:45h Entrega de medallas e clausura.

(\*) *este programa poderá variar de acordo á cantidade de inscritos por categoría.*

### 3. CATEGORÍAS

- INFANTIL FEMININO (2010/2011)
- INFANTIL MASCULINO (2010/2011)
- CADETE FEMININO (2008/2009)
- CADETE MASCULINO (2008/2009)

### 4. PARTICIPANTES E INSCRICIÓNS

Para formalizar a inscrición definitiva nesta proba **a entidade terá que estar preinscrita na ACTIVIDADE DEPORTIVA de Orientación**, introducindo os datos de equipos e participantes, neste apartado do programa XOGADE: ([www.xogade.xunta.gal](http://www.xogade.xunta.gal)). Para máis información sobre este aspecto, dirixirse ao Servizo Provincial de Deportes (en horario de mañá) chamando ao teléfono 988 386 050 ou no correo: [deportes.ourense@xunta.gal](mailto:deportes.ourense@xunta.gal)

**A inscrición definitiva para o Campionato Provincial enviarase (na folla Excel que se adxunta) a estes dous correos electrónicos): [ori.trevinca@yahoo.es](mailto:ori.trevinca@yahoo.es) e [deportes.ourense@xunta.gal](mailto:deportes.ourense@xunta.gal)**

O prazo para formalizar a inscrición rematará ás 14 h. do mércores 28 de febreiro.

Cada centro poderá inscribir equipos de ata cinco alumnos/as de cada categoría e sexo, presentando a inscrición como “nome do centro + INFANTIL”, “nome do centro + CADETE”, etc. Admitírase un máximo de **260 PARTICIPANTES EN TOTAL NO CAMPIONATO PROVINCIAL**, que se repartirán **DUN XEITO EQUITATIVO** entre as entidades inscritas.

É convinte que os alumnos teñan unhas nocións básicas sobre este deporte.

**No caso de que exista a posibilidade de cubrir vacantes, abrírase un segundo prazo de inscrición ata o venres 1 de marzo ás 14h.**

O transporte e o pic-nic correrá por conta do Servizo de Deportes da Xunta, tendo cada entidade que especificar no **FORMULARIO** as súas necesidades.

**Por cuestións relativas á organización (transporte, material, técnicos...) é moi importante que este proceso se leve a cabo con responsabilidade e non haxa un desfase entre os alumnos inscritos e os que asistan á actividade. Pregamos que, na maior brevedade posible, nos fagades saber a vosa intención de participar.**

Poderán tamén inscribirse os orientadores e orientadoras federadas que cumpran os requisitos de idade e non poidan participar co seu centro escolar, inscribíndose a través do seu club. A información da proba será publicada na web do evento, en fegado.es (<https://fegado.es/events/view/n1q3fdiu2u12/>). As listaxes coas horas de saída publicaranse a partir do luns 4 de marzo.

## 5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Á hora de asignar as prazas para participar no provincial, o Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia ten a facultade de tomar os resultados das actividades zonais como probas clasificatorias ou por facelo por orde de inscrición cando o crea conveniente.

**A competición será individual e permitiranse parellas inclusivas (persoas nadas nos anos 2008, 2009, 2010 e 2011 nas que polo menos, unha delas teña algún tipo de necesidade específica). As parellas inclusivas computarán como un posto individual.**

## 6. SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible na páxina [www.xogade.xunta.gal](http://www.xogade.xunta.gal) e <https://inscripcion-xogade.xunta.gal>

Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á póliza do seguro é aberto.

**Todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.**

## 7. TRANSPORTE

Os gastos e a organización do transporte desde os centros escolares á zona de competición e a volta levarase a cabo polo Servizo Provincial de Deportes de Ourense, tendo cada entidade que especificar no **FORMULARIO** as súas necesidades.

## 8. PINZA ELECTRÓNICA

Os clubs organizadores asignarán gratuitamente unha pinza electrónica a todo o que careza dela. Se unha estación SportIdent fallase, haberá que picar coa pinza tradicional que se atopará en cada baliza nas caixas de reserva do mapa: R1, R2 e R3.

## 9. MODALIDADE

**Carreira *Sprint* en parque/bosque.** Modalidade de orientación en liña, na que o participante terá que pasar por tódolos controis, seguindo obrigatoriamente a orde numérica e con saída individual contrarreloxo.

**ATENCIÓN:** Haberá controis moi próximos, polo que é moi importante comprobar o número-código da baliza. O tempo estimado para o/a gañador/a en cada categoría estará en 15 e 20 minutos. Establécese un tempo máximo de carreira para tódalas categorías de 60 minutos. Logo de pasados 60 minutos da saída do último corredor comezarase a recoller as balizas do terreo.

## 10. TERREO

Mapa idóneo para o deporte da orientación, desnivel moi suave, boa rede de camiños e sendas, con moitas referencias que serven para localizarse, bosques e abundancia de terreo aberto, alternando con zonas axardinadas e de repoboación. Mapa homologado a escala 1:4000 (1 cm no papel equivale a 40m no terreo) con equidistancia de 2m, o mapa foi feito por Martín Morales en xuño de 2023.

## 11. MATERIAL PROHIBIDO NO MOMENTO DE REALIZAR A PROBA

Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e dispositivos que aporten datos xeográficos en toda a zona de carreira por parte de calquera alumno ou alumna participante.

## 12. PROTECCIÓN DE DATOS E IMAXE

As familias, como titores legais de todo o alumnado participante, por só participar na actividade, autorizan a que se lles fagan fotos na mesma, que poderán publicarse na web do Club organizador ou da Federación.

## 13. PREMIOS

Haberá unha clasificación por categoría segundo o tempo ou puntuación acadada na carreira. As tres persoas con mellor puntuación en cada categoría gañarán cadanseu premio. A persoa con mellor puntuación en cada categoría proclamarase Campión ou Campioa Provincial Escolar de Orientación a Pé.

Entregaranse medallas aos tres primeiros de cada categoría:

INFANTIL FEMININO  
CADETE FEMININO

INFANTIL MASCULINO  
CADETE MASCULINO

## 14. VIDEOS EXPLICATIVOS

DEPORTE DE ORIENTACIÓN. <https://www.youtube.com/watch?v=HkeoWFjgIWg>

USO DE PINZAS P-CARD. [https://www.youtube.com/watch?v=Ye\\_H\\_5vS7IE](https://www.youtube.com/watch?v=Ye_H_5vS7IE)

## 15. CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR DE ORIENTACIÓN A PÉ

O campionato autonómico escolar realizarase o vindeiro 9 de marzo no Campus de Elviña, A Coruña.

No evento creado na web da Fegado estará disponible a información referente os criterios de clasificación dos centros para o campeonato galego escolar organizado pola Federación Galega de Orientación.

En cada categoría asignarase 1 punto á primeira persoa clasificada, 2 á segunda, 3 á terceira e así sucesivamente. A clasificación por equipos formarase coas puntuacións das **3 mellores clasificacións individuais de cada equipo** en cada categoría sendo campión o equipo que menos puntos acade. **Terán dereito a participar no Campionato Galego os 3 primeiros equipos clasificados en cada categoría (só 1 por centro en cada categoría).**

## 16. SEGURIDADE

- A proba celebrárase nunha zona xunto ao río, coidado coas zonas con auga. Poden ser perigosas. dependendo das choivas os participantes poderán encontrar charcos e camiños con barro.
- Os campos de cultivo rodearanse polos bordes. En todo momento, hai que respectar as propiedades públicas e privadas.
- Hai que transitar con precaución especialmente nas baixadas e co chan mollado. Poder haber folla caída que tape os camiños. Coidado cos muros e cortados que se atopen no terreo.
- Non se pode traspasar ningunha zona limitada por cinta, baixo pena de descalificación.

## 17. REGULAMENTO

- Durante a competición, os participantes fóra de competición non poderán saír da zona de concentración.
- Pódese usar un compás analóxico como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída. Esta prohibido usar calquera outro aparello electrónico de axuda á navegación.
- Non se permitirá a saída de corredores sen o seu dorsal.
- Na zona de Saída cómpre manter silencio para poder facer as chamadas adecuadamente e favorecer a concentración dos participantes.
- O mapa entregarase na saída, sendo responsabilidade de cada orientador comprobar que corresponde a súa categoría. Cando se tome a **saída tarde**, deberase avisar á organización e esperar as indicacións oportunas.
- É obrigatorio pasar polo triángulo de saída (baliza sen código) e realizar o percorrido na orde indicada no mapa. Balizas de distintos percorridos moi próximas. Ollo ao número-código da baliza!
- Non esta permitido seguir a outros participantes.
- Os participantes deben respectar: a sinalización da carreira e as balizas-control, a propiedade privada, o mobiliario urbano e non pasar por zonas prohibidas, ademais de cumprir ás indicacións do persoal da organización.



- Na Meta se recollerán os mapas aos competidores , despois da saída do derradeiro participante, poderá recuperalo.
- **É obrigatorio pasar pola meta aínda que se produza o abandono, e descargar a pinza electrónica, para que lle conste á Organización.**
- As estacións SportIdent non terán activo o sistema AIR PLUS (sen contacto).
- Fíxase unha hora de peche da carreira ás 13:40 para todos os percorridos. Pasada esa hora, cada participante deberá regresar inmediata e directamente á meta, pasar pola zona de descarga e entregar a tarxeta emprestada.
- Haberá xuíces velando polo cumprimento das normas e poderán ser descualificados os orientadores que cometan irregularidades na proba.
- Está prohibida a asistencia entre orientadores, agás en caso de accidente, sendo aquí obrigatoria. Os orientadores deben realizar a proba en silencio.

**Calquera aspecto non recollido nas normas anteriores, regulárase a través dos correspondentes regulamentos vixentes da modalidade O-Pé da FEGADO, e o Programa XOGADE da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.**

## 18. OUTROS PUNTOS IMPORTANTES PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROBA

1. Ao chegar á zona de competición, a **persoa responsable de cada centro escolar** debe dirixirse directamente á secretaría, onde se entregará a bolsa coas tarxetas electrónicas correspondentes ao centro e os dorsais, e se dará unha pequena charla cos puntos máis importantes da actividade.
2. Delimitaranse unhas **zonas para que cada centro** esté "controlado", xa que o número de participantes é moi grande. Estas zonas delimitadas tamén son para poder ter controladas as mochilas do alumnado, xa que non dispoñemos de vestiarios. Non haberá duchas. Cada zona habilitada deberá quedar limpa e sen rastro de desperdicios. O lixo botarase nos contedores habilitados ao efecto. Ollo a non tirar ao chan os restos de pegatinas dos dorsais e do pic-nic.
3. **Todo o alumnado terá que amosar un comportamento cívico en todo momento e coidar os lugares onde se desenvolva a competición** (tanto na carreira como na secretaría). O profesorado terá que supervisar ao alumnado ao seu cargo, colaborando coa organización na procura do seu comportamento cívico.
4. Gardarase o debido silencio tanto na zona de prechamada, como na zona de saída, atendendo en todo momento as indicacións dos organizadores e Protección Civil.
5. É recomendable que cada participante leve unha muda para poder cambiarse despois da carreira, sobre todo calzado e calcetíns.
6. Haberá unha ambulancia no centro de competición para atender a tódolos corredores que o precisen.
7. Ao ser unha área recreativa é posible que durante a proba atópanse sendeiristas nalgúns puntos do percorrido.

## 19. EQUIPO TÉCNICO

Técnico Sportident: Óscar Gómez

Cartografía: Martín Morales (2023)

Percorridos: Martín Morales e Pablo Aller

Pre-saída: Roberto Feijoo Cantarilla e Diego de la Torre

Saídas: Yevheniya Chystyakova Beketova e Iván Ramos Abelaira

Meta: Martín Morales e Pablo Aller

Máis información actualizada en: <http://fegado.es/>

Ourense, 31 de xaneiro de 2024